XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

CIRCULAR	
Nº: 13	***Data:30 de maio de 2007***

ASUNTO: Instruccións para a tramitación de procedementos de adopción nacional.
ÁMBITO: Servicios Centrais e Delegacións Provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

INTRODUCCIÓN

A presente circular elaborase coa finalidade de adaptar o procedemento de tramitación das adopcións nacionais ás modificacións lexislativas introducidas na lei 3/1997, do 9 de xuño, galega de familia, infancia e adolescencia, pola Lei 9/2003, do 23 de decembro de medidas tributarias e administrativas, e o Decreto 42/2000, do 7 de xuño, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, introducidas polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, e unificar así os criterios a empregar polos equipos técnicos das delegacións provincias. É polo que a Secretaría Xeral do Benestar dicta as seguintes instruccións:

PROCEDEMENTO

1. SOLICITUDES

As persoas que desexen adoptar un menor deberán cumprir os requisitos recollidos no artigo 175 do Código Civil, 32 da Lei 3/1997, e 62 do Decreto 42/2000.

Para tal fin, deben presentar a solicitude normalizada de valoración de idoneidade segundo o modelo que figura no Anexo I xunto con:

⇒ A documentación que recolle o artigo 74 do Decreto 42/2000:

1. Certificación literal de nacemento.
2. Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.
3. Certificado de empadroamento e residencia.
4. Certificado médico ordinario ou informe segundo cuestionario que figura en Anexo II.
5. Fotocopia da última declaración da renda ou, en defecto, certificación negativa expedida pola Axencia Tributaria e, se é o caso, declaración de bens patrimoniais.
6. Documento acreditativo da cobertura sanitaria (copia de tarxeta sanitaria).
7. Libro de familia ou certificado de convivencia, se é o caso.
8. Sentencia de separación ou divorcio, se é o caso.
9. Dúas fotografías tamaño carné de cada solicitante.
10. Certificación de antecedentes penais ou, no seu defecto, certificación negativa, expedida polo Ministerio de Xustiza.

⇒ Cuestionario persoal que lles presenta o equipo técnico (Anexo III)

Esta solicitude dirixirase á delegación provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar correspondente ó seu domicilio, e poderá presentarse en calquera dos rexistros referidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

A data do rexistro de entrada deberá coincidir coa do SXPA.

No caso de emigrantes galegos con previsión de retorno, poderán dirixir a súa solicitude á delegación provincial da vicepresidencia correspondente á localidade onde teñan previsto fixar a súa residencia. Se transcorre 1 ano dende a presentación da solicitude sen xustificarse a residencia, arquivarase aquela a tódolos efectos.

2. *PROCEDEMENTO DE VALORACIÓN DE IDONEIDADE*

A valoración de idoneidade dos solicitantes farase segundo a orde cronolóxica de presentación das solicitudes.

Para a valoración de idoneidade é aconsellable:

- Unha entrevista informativa, unha psicolóxica e outra social, que poden ser substituídas por unha ou máis, se fose necesario, entrevistas psicosociais. A duración da entrevista así como o número delas serán determindas polo técnico que vai valorar ós solicitantes.
- Visita domiciliaria por parte do traballador social, que deberá realizarse sempre, sendo imprescindible nos casos dubidosos ou conflictivos. Nestes supostos poderá realizarse unha segunda visita á que poderá asistir tamén o psicólogo encargado do expediente.
- As probas psicotécnicas recomendadas 16 PF e tódalas probas complementarias (SRQ, EAS, MMPI, etc.) que o técnico considere necesario.

2.1 Aspectos a ter en conta na valoración de idoneidade

A proposta técnica de idoneidade debe ter en conta alomenos os aspectos que recolle o artigo 33.1 da Lei 3/1997, modificada pola Lei 9/2003 e o 77 do Decreto 42/2000:

- Idade: que entre o solicitante e o menor haxa unha diferencia de idade axeitada e non superior ós 40 anos, tomando como referencia o membro mais novo da parella, agás para os solicitantes que estean en disposición de aceptar grupos de irmáns ou menores con especiais dificultades, caso no que a diferencia de idade poderá ser superior.
- Medio familiar axeitado para a atención integral do menor.
- Motivacións e aptitudes axeitadas para a adopción.
- Condicións de saúde física e psíquica que permitan atender correctamente ó menor.
- Carencia de vivencias ou historias persoais que impliquen risco para o menor.

No caso de que xurdiran dúbidas nalgúns criterios de valoración terase en conta o seguinte:

1º.- Saúde; No caso de que os informes facultativos ofrezan dúbidas razoables sobre as condicións de saúde dos solicitantes, recoméndase pedir un novo informe doutro facultativo da rede pública.

Serán motivos de non idoneidade as condicións de saúde física ou mental que impidan ou poidan impedir nun futuro inmediato a axeitada atención ó menor, tales como:

a) Estar en situación de alto risco de mortalidade a curto prazo (enfermidades en estadios terminais, sida, cancros...).
b) Padecer enfermidade grave que esixa tratamento a longo prazo. Será necesario que transcorreran 2 anos dende a finalización do mesmo (podendose ampliar este prazo dependendo do diagnostico).
c) Medicación ou tratamento de trastornos mentais graves (depresión, neurose, etc..) finalizado como mínimo 1 ano atrás.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

d) Padecer enfermidade infecciosa, enfermidade crónica grave, dexenerativa ou invalidante, ou minusvalía física grave (exemplo dalgunhas destas enfermidades, artrite reumatoide, lupus erimatoso diseminado, esclerodermia, espondilitis anquilosante, tetraplexias, esclerose múltiple ou lateral primaria, Parkinson, ELA, paraplexia espástisca, ataxia, Corea de Huntington)
e) Padecer conductas adictivas que condicionen o comportamento da persoa.
f) Padecer trastornos mentais que limiten as capacidades para atender correctamente a un neno (exemplo dalgunhas destas enfermidades: demencias, illamento social patolóxico, psicosis, depresións, trastornos bipolares, trastornos graves do comportamento).

Nestas dúas últimas condicións –e) e f) -, debe terse presente que se poden dar procesos recuperativos das persoas.

A situación de embarazo tamén será tida en conta a efectos de valoración dos solicitantes, de xeito que aquela será negativa ata que non transcorrera 1 ano dende o nacemento (ou interrupción do embarazo no seu caso) para iniciar os trámites de adopción.

2º.- Axuste de Parella; Prestarase atención á aparición de posibles desaxustes, transcribindo literalmente as verbalizacións indicativas, tales como:

a) Descualificacións, valoracións globais negativas do outro membro da parella.
b) Queixas insistentes e globais respecto do outro membro da parella.
c) Ameazas.
d) Ocultar información relevante ó outro membro da parella.
e) Serias dúbidas acerca da estabilidade da parella por parte dalgún deles.
f) Valoración negativa da historia de convivencia por parte dalgún deles.
g) Incapacidade para resolve-los seus propios conflictos cando estes sexan importantes.
h) Proxecto de adopción non compartido.

O baixo nivel de axuste da parella será motivo de non idoneidade.

O falecemento dun membro da parella ou dun fillo na familia, considerado como acontecemento traumático, vai alterar a valoración de idoneidade, polo que non serán tidas en contas as solicitudes de adopción ata haber pasado un mínimo de 1 ano dende o luctuoso acontecemento.

3º.- Motivacións inaxeitadas; Con frecuencia as motivacións son diversas e están mesturadas, polo que se deberá afondar na valoración cando aparezan motivacións inaxeitadas ou alomenos predominen estas. Motivacións e argumentos que nun primeiro momento poderían parecer inaxeitados:

- "Nolo aconsellaron"
- "Porque faría moi felices ós meus pais"
- "Para que me faga compañía"
- "Para que faga compañía ó seu irmán"
- "Porque lle fai ilusión a miña parella"
- "Para ter un herdeiro"

Débese ter en conta o desenvolvemento social dalgúns solicitantes e afondar en que prevaleza o interese supremo do menor, xa que aqueles poden ser idóneos para levar a cabo unha adopción a pesar destas verbalizacións.

Hai outro conxunto de motivacións que conlevan algunha intención claramente incompatible coa garantía da correcta atención ó neno, aínda que se manifesten dentro doutras motivacións axeitadas. Por exemplo:

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

- Para superar esta depresión.
- Para que a xente me mire ben.
- Para que a miña parella non se sinta culpable.
- Para salvar ou darlle sentido ó noso matrimonio.
- Para que atenda e coide a un familiar.
- Para superar unha perda.

4º.- Expectativas excesivamente ríxidas respecto do neno e a súa orixe familiar; valoraranse negativamente as manifestacións intolerantes sobre determinados aspectos da familia do neno (por exemplo: que a nai non sexa prostituta, que os pais non sexan drogadictos, que a súa nai non sexa solteira...).

5º.- Actitudes educativas moi negativas e/ou inaxeitadas, que serán causa de non idoneidade; valorarase negativamente a presencia de ideas tales como:

- Educación baseada fundamentalmente no castigo físico.
- Educación baseada en valores ríxidos, intolerantes, antidemocráticos.
- Discrepancias esenciais e insalvables sobre a educación entre os membros da parella. (Convén dirixirse ó apartado de axuste de parella, e non consideralo como condición eliminatoria).

6º.- Medios económicos e vivenda; Deberá comprobarse que a vivenda familiar reúne no momento da valoración as condicións suficientes e adecuadas de habitabilidade, xa que do contrario considerarase como motivo de non idoneidade, o igual que a carencia de medios económicos suficientes para o mantemento do menor.

Así mesmo, entre os motivos de non idoneidade recóllense:

1) Falseamento ou ocultación de datos fundamentais para o estudio.
2) Non aceptar cuestións fundamentais ou riscos no proceso que a adopción conleva, como non asumir:
    - os requisitos formais do proceso de valoración.
    - os problemas que poidan xurdir co menor na súa crianza.
    - a reversibilidade da situación durante o período de acollemento preadoptivo.
    - a necesidade da revelación ó menor da súa situación de adoptado.
    - a necesidade de informar ó neno sobre o dereito de coñecer ós seus pais biolóxicos.
3) O establecemento por parte dos solicitantes de condicionamentos á adopción referidos a determinadas características dos menores:

- Rasgos físicos, sexo e antecedentes socio-familiares dos nenos: Non se admite ningún tipo de condicionamento por parte dos solicitantes.
- Idade: non se admiten condicionamentos, se ben á hora de propoñer un neno, terase en conta a diferencia de idade e a capacidade dos solicitantes para atender correctamente a nenos dunha idade determinada. En todo caso, os nenos maiores de 8 anos considéranse menores de necesidades ou características especiais.

A pesar de non admitirse determinados condicionamentos, os solicitantes poderanse pronunciar sobre as "súas preferencias" en relación a determinadas características:

a) Minusvalias físicas ou psíquicas: pódese condicionar a adopción a nenos que non padezan ningún tipo de minusvalía, ou aceptar soamente determinados tipos destas. En calquera caso os adoptantes deberán asumir o risco de que o menor poida padecer algún tipo de enfermidade recuperable no momento da proposta.
b) Número de menores: poderase limitar o número de menores que se estea en dispoñibilidade de recibir dunha vez.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

Se o técnico atopase outros motivos que fan ós solicitantes non idóneos, deberá fundamentalos.

Os solicitantes de adopción deberán amosar: flexibilidade de aptitudes e adaptabilidade a novas situacións, comprensión das dificultades que entraña a situación do neno, respecto á historia do neno con aceptación das súas características particulares, actitude positiva cara á formación e seguimento, etc...

2.2 Resolución de idoneidade

Finalizada a valoración polo Equipo Técnico do Menor, este elevarelle ó delegado provincial proposta razoada sobre a idoneidade dos solicitantes. Recibida a proposta, o delegado provincial emitirá resolución no prazo máximo de seis meses dende a data de presentación da solicitude, polo que deberase elevar a proposta có tempo necesario para cumprilo. Esta resolución deberá ser motivada e notificada ós interesados. De non dictarse resolución expresa no dito prazo a solicitude considerarase denegada (non idóneo). (Artigos 90.2 b) e 78 do Decreto 42/2000, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro).

A Delegación Provincial comunicará á Secretaría Xeral do Benestar os solicitantes valorados idóneos para a súa inscrición na subsección segunda da sección primeira do Rexistro de Adopcións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Emitida a resolución de idoneidade, darase como finalizado o procedemento no SXPA.

2.3 Revisión da valoración inicial de idoneidade

Os solicitantes quedan na obriga de comunicar á delegación provincial correspondente calquera cambio que se produza nas súas circunstancias no mesmo momento en que teña lugar, o que dará lugar á revisión da valoración polo equipo técnico correspondente.

En caso de transcurso de 3 anos dende a declaración de idoneidade sen formalizarse un acollemento preadoptivo, deberá ratificarse a valoración inicial ou realizarse unha nova en caso de variar significativamente as circunstancias que a motivaron.

2.4 Seguimento dos solicitantes idóneos

Transcorridos 6 meses (máximo 1 ano) dende a declaración de idoneidade, sería aconsellable, co fin de aclarar as dúbidas que poidan xurdir ós solicitantes, realizar unha posta en común ou, no caso de non ser esta posible, un encontro con cada solicitante.
Así mesmo sería necesario impartir cursos de formación e preparación das familias.

2.5 Listas de solicitantes idóneos para a adopción

Existen duas:

1. Formada cos solicitantes idóneos menores de 40 anos para a adopción de nenos menores dun ano (Lista única xestionada pola Secretaría Xeral do Benestar).
2. Formada polos solicitantes idóneos maiores de 40 anos para a adopción de nenos maiores de 1 ano ou que presentan algún tipo de necesidade especial (cada Delegación provincial xestionará a súa propia lista), incluíndose tamén aquí aqueles menores respecto dos cales non se obtivera renuncia ou asentimento para a adopción.

3. PROCEDEMENTO DE ASIGNACIÓN DO MENOR

3.1 Inscrición e asentimento para a adopción

a) Inscrición do neno no Rexistro Civil.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

É condición imprescindible para a adoptabilidade do menor que non figure inscrito como fillo de nai descoñecida, xa que vulneraría o dereito fundamental deste a coñecer a súa identidade biolóxica, de acordo coa orde do 10 de novembro de 1999 sobre o cuestionario para a declaración de nacemento no Rexistro Civil.

A inscrición poden efectuala:

- Os pais biolóxicos
- A administración, despois de asumir a tutela pública do neno. Neste caso o menor inscribirase obrigatoriamente como fillo da nai que conste no boletín do parto emitido polo médico que a asista. Esta inscrición debe ser anterior á integración do menor na familia adoptante, quedando a administración na obriga de velar polo cumprimento deste requisito. (cómpre ademais ter en conta as Instruccións da Dirección Xeral de Rexistros e do Notariado).

En ámbolos dous casos deberase dispor de certificación literal de nacemento do neno.

b) Asentimento dos pais biolóxicos para a adopción de bebés.

Antes do nacemento do neno non existe a posibilidade de que os pais biolóxicos presten o asentimento (renuncia) para a adopción do seu fillo.

Cando se produza esta renuncia, as actuacións serán as seguintes:
Unha vez que a nai manifeste a súa intención de consentir a adopción, o centro hospitalario onde naceu o menor deberá comunicarllo ós técnicos do equipo de adopción, que se desprazaran ó dito centro para entrevistarse coa nai e informala das consecuencias do seu asentimento.

De acordo co disposto no artigo 177 do Código Civil, o asentimento da nai non poderá prestarse ata que teñan transcorrido 30 días dende o parto.

O asentimento deben outorgalo:
a) Ámbolos dous proxenitores, se o menor está inscrito como fillo de ambos.
b) A nai, no caso de que o menor este inscrito unicamente como fillo dela.
c) A nai e mais os seus pais e titores, no caso de que aquela fose menor de idade e o menor estivese inscrito unicamente como fillo dela.

3.2 Selección dos adoptantes

As Delegacións Provinciais son as encargadas da selección dos adoptantes idóneos para cada menor (de acordo co disposto no artigo 82 do Decreto 42/2000, modificado polo Decreto 406/2003), o que se realizará de acordo co procedemento seguinte:

a) No caso dun neno menor de 1 ano en situación legal de ser adoptado, o equipo de adopción correspondente comunicará este extremo á Secretaría Xeral do Benestar, enviando a ficha do menor (Anexo IV), na que se recollerán de xeito exhaustivo tódolos datos deste.
Determinados polo responsable do rexistro de adopcións os solicitantes ós que lle corresponde o primeiro posto na lista, emitirase o certificado que será remitido vía fax ás correspondentes delegacións provinciais. Os equipos técnicos das provincias que actuaran na adopción, coordinaranse para acordar as datas e forma de proceder á recollida e traslado do menor co seu expediente, e a súa posterior entrega á familia preadoptiva. Se o menor naceu no hospital, unha vez dado de alta, deberá ser recollido polos técnicos do equipo da delegación provincial que teñan tutelado ó bebé, que se farán cargo del.
Unha vez que o menor estea en condicións legais de ser adoptado, poderase formalizar o preceptivo acollemento familiar, agás que a familia adoptante

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

fehacentemente informada asumira o risco do acollemento preadoptivo antes do prazo de 30 días mínimo que marca a lei para prestar o asentimento da nai.

b) No caso dun neno maior dun ano ou que presente algunha característica ou dificultade especial, a Delegación Provincial, por proposta do equipo técnico, seleccionará de entre os solicitantes da súa provincia declarados idóneos ós mais axeitados ás características ou circunstancias do menor, de acordo cos criterios de preferencia seguintes:

1. Orde cronolóxica de presentación da solicitude (antigüidade).
2. Idade dos solicitantes.

As delegacións provinciais deberán comunicar por escrito á Secretaría Xeral do Benestar as formalizacións de acollementos preadoptivos dos nenos maiores dun ano que se produzan, informando dos datos do menor e da familia na que se integra.

- Criterio de determinación da idade dos menores a adoptar.

O artigo 33.1 a) da Lei 3/1997, na redacción dada pola Lei 9/2003, de 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas, establece que entre o/s solicitante/s e o menor a adoptar deberá existir unha diferencia de idade axeitada que en ningún caso poderá ser superior a 40 anos, tomando como referencia ó membro mais novo da parella, agás para os solicitantes que estean en disposición de aceptar grupos de irmáns ou menores con especiais dificultades, casos nos que a diferencia de idade poderá ser superior ós 40 anos. Este criterio interpretase, no caso de nenos menores de 1 ano, no sentido de non ter cumpridos aínda os 40 anos.

Malia literalidade da lei, é necesario que a idade dos menores non sexa fixada unicamente en base a unha operación aritmética, valorando e tendo en conta factores psicolóxicos, sociais e pedagóxicos do/s solicitante/s, o entorno no que viven, etc...A pesar de todo débese marcar un criterio único e homoxéneo para a toda a comunidade, co fin de evitar agravios comparativos entre usuarios de distintas provincias, garantindo á igualdade no tratamento a todos eles.
É por iso que se acorda aplicar o seguinte criterio:

1) No suposto de que os solicitantes sexan unha parella, pártese da idade do solicitante mais xoven. Se é menor de 40 anos, a idoneidade será para un neno a partir de 0-1 ano, independentemente da idade do outro membro da parella. No informe psicosocial e na proposta de idoneidade deberase recoller se os solicitantes están dispostos a aceptar menores de maior idade.
2) No suposto de que os solicitantes sexan unha parella, ámbolos dous de 40 anos cumprimos ou mais de 40 anos, o resultado vería dado de aplicar a media das idades dos solicitantes e establecer a diferencia dos 40 anos en base a esta, sendo o resultado a idade a partir da cal serían idóneos. Exemplo: unha parella de 51 e 40 anos (51+40=91; 91/2=45,5), mantendo a diferencia axeitada cos 40 anos, teríamos 45,5-40=5,5, a idoneidade resultante será para un neno a partir de 5 anos.
3) Se o solicitante é individual e maior de 40 anos, determínase a idade do menor aplicando a diferencia de idade de 40 (por exemplo, un solicitante de 46 anos sería idóneo para un menor a partir de 6 anos).

No caso de que despois do cálculo anterior resulte unha idoneidade para a adopción dun menor de 8 ou mais anos, establecerase no certificado a idoneidade para a adopción dun neno a partir de 8 anos, sen necesidade de establecer un tope superior a este. Nos demais casos, os certificados deberán indicar a franxa de idade do menor que os solicitantes estean en disposición de adoptar.

É necesario deixar constancia tanto no informe psicosocial como na proposta, resolución e certificado de idoneidade, do número de menores para o que resultan idóneos os solicitantes,

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

podendo limitarse o número destes e, sempre sobreentendendo ou especificando que sempre que se trate de mais dun menor deberán ser irmáns.

- Menores con características especiais.

No caso de menores que presenten características especiais (minusvalías, anticorpos VIH, grupos de mais de 2 irmáns, nenos maiores de 8 anos ou nenos doutras etnias), cando non existan familias idóneas na correspondente provincia, enviarase a ficha do menor (Anexo V) á Secretaría Xeral, que remitirá copia da mesma ás demais delegacións provinciais para comprobar se existen solicitantes idóneos.
Se no prazo de 30 días no hai resposta das delegacións, a Secretaría Xeral poderá solicitar candidatos a outras Comunidades Autónomas. Neste caso precisarase da suficiente información para darlle traslado a outras Comunidades Autónomas. Esto non impedirá que os equipos técnicos de adopción responsables nas diferentes comunidades poidan manter contacto.

Co obxecto de manter un banco de datos sempre actualizado destes menores, dende a Secretaría Xeral do Benestar remitirase a todas as delegacións provinciais dentro dos 5 primeiros días dos meses de xaneiro, abril, agosto e decembro, o listado de menores destas características de tódalas provincias incluída a súa, para así controlar o censo e as modificacións.

Cando unha familia adopta a un neno de características especiais pero manifesta que desexa continuar a adopción xenérica, haberá que manter o seu expediente e conservar a súa antigüidade para esta adopción.

Como garantía da non separación de irmáns biolóxicos, as delegacións provinciais correspondentes concederán prioridade para a adopción ás familias que tiveran adoptados previamente irmáns do menor de que se trate, aínda naqueles casos en que ditas familias non tiveran presentada nova solicitude de adopción, caso no que se lles dará a posibilidade de presentar unha nova co fin de optar a dita adopción.

4. ARQUIVO DO EXPEDIENTE

Sempre que se produza o arquivo dun expediente, calquera que sexa o motivo, deberase comunicar ós interesados por resolución administrativa da correspondente delegación e reflectirse dita situación no S.X.P.A.

5. DIFERENTES SITUACIÓNS

5.1 Traslado de expedientes a outras Comunidades Autónomas.

Debemos diferencias dúas situacións:

a) Traslado de residencia dende outra Comunidade Autónoma a Galicia.

Nestes casos, cando o/s solicitante/s desexen manter a súa solicitude de adopción, requirirase ó organismo homónimo de procedencia o traslado do expediente, e tomarase como data de antigüidade a que conste como data de presentación na comunidade galega. Se a familia xa foi valorada só haberá que actualizar esta valoración no caso de que transcorreran os prazos establecidos no Decreto 42/2000, adaptándose aos criterios e requisitos que rexan nesta comunidade.

b) Traslado de residencia dende Galicia a outra comunidade.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

Neste suposto será necesario requirir á delegación provincial correspondente o traslado do expediente ó organismo competente en materia de adopción da comunidade de destino, dependendo desta última a aceptación.
Os traslados de expedientes a outras comunidades autónomas deberán ser solicitados previamente pola Secretaría Xeral do Benestar ó organismo homónimo da outra comunidade, e unha vez aceptado o traslado por este, o expediente remitirase completo.

5.2 Posibilidade de continuar un só solicitante un expediente iniciado por dúas persoas.

Supostos nos que debido á separación da parella solicitante ou ó finamento dun deles, o outro desexe manter a súa solicitude de adopción. Non se aceptará esta condición, debendo procederse o arquivo do expediente e á presentación dunha nova solicitude, dependendo de cada situación (se é por fallecemento,haberá que esperar un tempo, se e por matrimonio haberá que esperar outro....etc).

5.3 Incorporación dun novo solicitante a unha solicitude individual.

Non se aceptará esta condición, debendo proceder o arquivo do expediente e debendose iniciar unha nova solicitude como matrimonio (por matrimonio haberá que esperar un mínimo de dous ano de matrimonio).

5.4 Solicitantes de segunda adopción.

Nada impide que aqueles que o desexen presenten unha segunda ou posterior solicitude de adopción, se ben é obrigatorio que o procedemento anterior estea finalizado por auto xudicial firme ou ben que os menores previamente adoptados estean plenamente integrados na familia, establecéndose como prazo prudencial o de 1 ano.

5.5 Imposibilidade de suspensión temporal do expediente.

Deberá informarse ós solicitantes de adopción da imposibilidade de suspender a tramitación da adopción, por ser esta unha situación administrativa non contemplada polo ordenamento xurídico nestes casos, advertindo ó mesmo tempo que, e segundo o disposto no artigo 92 da lei 30/1992, en caso de paralización do procedemento por causa imputable ós interesados, transcorridos 3 meses producirase a caducidade do mesmo.

5.6 Qué ocorre cando un solicitante é declarado non idóneo.

O Decreto 42/2000 permite que un solicitante declarado non idóneo presente de novo solicitude de adopción, se ben esixe que transcorran 3 anos dende a resolución anterior e se proceda a realizar unha nova valoración seguindo o procedemento ordinario.

6. *SEGUIMENTO ESTATÍSTICO*

Para un seguimento puntual dos datos de adopción é moi importante que estes sexan introducidos inmediatamente no procedemento informático SXPA.

Dende a Secretaría Xeral do Benestar sacaranse a partir do día 7 de cada mes os datos do SXPA para a estatística mensual, polo que aqueles que non se introduzan no procedemento non se reflectirán nesta estatística.

Ademais, a Secretaría Xeral do Benestar poderá demandar todos aqueles datos que considere oportuno.

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

7. DOCUMENTACIÓN

Os documentos comúns utilizados ó longo do procedemento achéganse nos anexos correspondentes (I, II, III, IV e V).

Esta circular entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura.

A SECRETARIA XERAL DO BENESTAR

XUNTA DE GALICIA - VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR - SECRETARIA XERAL DO BENESTAR

Mª Xesús Lago Vilaboa

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SOLICITUDE DE ADOPCIÓN NACIONAL	**VP 401F**	**SOLICITUDE**

DON			
LUGAR E DATA DE NACEMENTO	ESTADO CIVIL	DNI	
NACIONALIDADE	NIVEL DE ESTUDIOS	PROFESION	
DONA	RELACIÓN CO 1º SOLICITANTE		
LUGAR E DATA DE NACEMENTO	ESTADO CIVIL	DNI	
NACIONALIDADE	NIVEL DE ESTUDIOS	PROFESIÓN	
DOMICILIO FAMILIAR	PROVINCIA		
CONCELLO	CODIGO POSTAL	TELÉFONO DO DOMICILIO	TELÉFONO DO TRABALLO

MANIFIESTAN:

_____

_____

_____

_____

_____

SOLICITAN:

Que se lle/s inclúan no Rexistro de Adopcións e se realice o correspondente informe de valoración de capacidade e idoneidade para adoptar, comprometéndose a poñer a dispor deste organismo, tódolos documentos acreditativos que lles sexan requiridos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia

SINATURA/S DOS SOLICITANTES

DE DE 200

RECIBIDO	NUMERO DE EXPEDIENTE
	DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAIDA

Delegada Provincial da Igualdade e do Benestar de _____

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

ANEXO CUESTIONARIO

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

ANEXO INFORME MÉDICO

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

ANEXO IV

FICHA RESUMEN DE VALORACIÓN DE IDONEIDADE

Nº EXPEDIENTE: _____DATA RESOLUCIÓN DE IDONEIDADE_____

SOLICITANTES:
APELIDOS E NOME: _____ D.N.I.:_____
APELIDOS E NOME: _____ D.N.I.:_____

	IDONEIDADE			
ÁREAS	**NON IDÓNEO**	**SUFICIENTE**	**BOA**	**MOI BOA**
Relacións familiares				
Estabilidade e capacidade afectiva				
Motivacións cara o neno e a súa familia				
Situación económica-laboral				
Contexto e redes sociais				

	SI	**NON***
SAÚDE FÍSICA		
SAÚDE PSÍQUICA		

*Especificar.....
.....

DATA DE NACEMENTO

	DÍA	**MES**	**AÑO**
HOME			
MULLER			

DATA INICIO DA CONVIVENCIA

Características que aceptarían dos menores: .....
.....

Idoneidade (Tipo de neno):
.....
.....

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

ANEXO V

FICHA DO MENOR (DE 0 A 1 ANO-LISTA ÚNICA)

Nº EXPEDIENTE DO MENOR: .....

Nome e Apelidos: .....

Data e lugar de nacemento: .....

Renuncia expresa dos pais: Nai.....Data da renuncia.....
Pai.....

Asentimentos para a adopción: Nai.....Data do asentimento.....
Pai.....

Hai oposición expresa dos pais.....

Dificultades de localización dos pais.....

Dificultades de notificación ós pais.....

Outras circunstancias
.....
.....

Datos a destacar sobre o menor (antecedentes):
.....
.....
.....
.....

En..... a..... de..... de.....

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

ANEXO VI

FICHA DO MENOR CON NECESIDADES ESPECIAIS

Nº EXP.: ..... **PROVINCIA**: .....

DATOS PERSOAIS DO MENOR:

Apelidos.....**Nome**.....

Data de nacemento.....**Sexo**.....

PROPOSTA: **ADOPCIÓN**.....

ACOLLEMENTO FAMILIAR.....

EN CASO DE ACOLLEMENTO:

ADMINISTRATIVO..... **TEMPORAL**.....
XUDICIAL..... **PERMANENTE**.....

CARACTERÍSTICAS:

GRUPO DE IRMÁNS: Número ....

MINUSVALÍA FÍSICA: Tipo ....

MINUSVALÍA PSÍQUICA: Tipo ....

V.I.H.: ....

MINORÍA ÉTNICA: ....

NENO MAIOR: idade ....

OUTROS: Especificar ....

OUTROS DATOS DE INTERESE: (Pódese acompañar de copia de proposta ou informe recente)

.....
.....